

Plan de fuga
alberto lema

estaleiroeditora *poesía*

Alberto Lema,
Estaleiro Editora, 2007

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org




Revisión e corrección:
Isaac Lourido

Deseño e maquetación:
Nadina Bértolo

ISBN : 978-84-612-0879-1
Depósito Legal: S xxxx-2008
Impresión: Publidisa



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.

-  **Autoría e atribución:** Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor e da editora.
-  **Non derivados:** Non se pode alterar, transformar, modificar ou reconstruír os textos nin as imaxes.
-  **Non comercial:** Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

Plan de fuga
Alberto Lema

Épica da experiencia (Eles tamén escriben poesía)

Alberto Lema entrou na miña vida dando un portazo, ao modo no que outros poderían saír. Poeta tiña que ser. E virtuoso, que o sabe case todo de abrir e pechar portas. Neste libro leredes, entre outros versos maiores, un que está situado “moito antes da invención das chaves”. Con Lema aprendemos que a escrita ten que ver coa propiedade, e que as mellores chaves, no poema e no karate, son sempre as que nos deixan indefensos. A poesía, en realidade, faise contra si mesma. Contra o seu.

Nunha das primeiras conversas que tivemos, o autor empregou a palabra honestidade. Pareceume, daquela, unha palabra tan inoportuna a propósito da poesía –pois diso era do que estabamos a tratar: de poesía- como hoxe me resulta a palabra artificio. Por sorte, e a pesar dos libros de autoaxuda, a evolución persoal existe. Igual que sempre existiu o progreso, aínda que os posmodernos teimasen en renegar da historia moitas máis de tres veces.

Lema ten pouco de posmoderno. Até onde sei, leu con especial aproveitamento o cerne da poesía moderna en lingua inglesa, que é como dicir a modernidade toda. Sonlle ben coñecidos e estimados poetas como cummings, Auden, Hughes, Stevens ou Eliot –este último moito máis que Pound, aínda que, se cadra, el pensa que é ao contrario. Persoalmente, estoulle ben agradecida por me descubrir a eficacia da Bishop, que funcionou como espello de contención nun momento no que os meus versos corrían o perigo de medrar máis ao ancho que ao longo. Este limiar cativo mal pode dar pagada a miña débeda.

A poesía non ten por que berrar. E o autor ten os oídos ben atentos ao xeito que a lingua elixe cando quere falar en voz moi baixa. Os poetas saben máis do que din e os libros, segundo nos indicara aquel verso do Manuel Outeiriño, “son paixón polas distancias”. O problema da posmodernidade é que quixo substituír distancia por

cinismo e estrañeza por desorientación. E así non se dá feito. Certo é que non hai intelixencia sen suspensión, sequera momentánea, do xuízo. Pero está claro que toda a vida en suspenso tampouco hai quen aguante.

Os versos deste libro son fondos e son limpos. A poesía, ás veces, quere casar connosco aínda que non teña roupa. Non falo da poesía pura, e menos aínda espida, por favor. Acódenme á memoria, fatalmente, aqueles finais eróticos (e neuróticos) de Juan Ramón Jiménez, autor dun dos peores versos da poesía española –“que se me fue, que se me fue el atardecer”. Ou cousa así. Non era un chiste. Lema milita, pola contra, na impureza, no centro dun lugar que non é España. Un lugar onde unha perna tapa a outra. E para vir a xunta min. E que me dixo teu pai. A orquestra toca ao fondo música popular e, sen desconcentrarse, Lema escribe como un poeta clásico. Porque tivo o bo gusto de elixir a vangarda para a vida. Miguel Mosquera resumiu nunha imaxe afiada: “épica da experiencia”. Estou de acordo.

Había, cando eu era pequena, un anuncio de colonia no que prognosticaban: “Vuelve el hombre”. España é, verdadeiramente, a periferia. Pero se cadra a poesía galega de hoxe está facendo real, dende outro idioma, aquela profecía. Este poeta é un dos mellores lectores da poesía das mulleres que se fai en Galicia. O que quere dicir: un lector crítico. E sobre todo crítico coa crítica (e canonización, se cadra prematura) da poesía das mulleres. Porque non todos son iguais. E porque non todas eramos diferentes.

Contra a desigualdade, unha pregunta: “Podemos ser amigos?” El respondeu que si. Desculpade que dende entón non queira ser neutral. Así que longa vida a este libro, e pouco máis. Que a poesía de Alberto Lema quede por moitos anos onda nós, lectores e lectoras que aspiramos á construción dunha esquerda real. Tamén na poesía.

María do Cebreiro

*Co mundo comezou unha guerra que debe rematar
co mundo; a guerra do home contra a natureza,
do espírito contra a materia, da liberdade contra
o destino. A Historia non é máis que o relato desa
loita interminable.*

Michelet

á miña irmá

№ 12345

Na cidade

Tratarei de non ser claro

falarei da derrota como se lle pasase
a outros hai moito tempo,
como se os mortos comprendesen
que todo foi en balde e decidisen
descansar por fin en paz,
tratarei de non ser claro, de non citar
as antigas cidades arrasadas
os fugaces mences nesta noite
demasiado longa, os deuses
e as linguas vencidas lentamente
polo mar incesante, falarei
na antiga lingua dos poetas cegos,
e á patria chamareille Atlántida.

En Territorio Inimigo

Observa compañeiro o exército inimigo,
conta os innúmeros soldados
as espadas, as lanzas, os satélites,
(e algún dos teus tamén está con eles)
observa, e comprende que a vitoria
é imposible. Terás que aprender
a vivir entre eles agochando
todo o que te poida delatar
porque non houbo batalla, compañeiro,
nin vencidos, e levamos toda a vida
vivindo en territorio inimigo.

Atlantic City

A noite cubre a cidade
como unha maldición demasiado antiga
para ser tomada en conta, e hai
botellas de plástico e sereas mortas
abandonadas polo mar nas praias sen lúa,
manequíns nos faiados como estatuas
de deuses esquecidos que aínda
poderían falar en soños
a quen soubera preguntarlles,
adolescentes nas pontes máis altas
que xa renunciaron á súa pequena variación
do que todos sabemos, follas de papel
nos portais dispostas polo Concello
para unha mala imitación do inverno,
bocas latexando nos últimos bares
por unha sede que non ten remedio,
luces brancas, frío, televisores acesos
e un trapecista sen ás no chan
que se deixa abrazar polo resío.

As mortes pequenas

Non che valerá de nada
agardar unha hora máis,
pedir outra copa,
fumar un último cigarro,
non entrará por esa porta quen ti sabes.
O vento vai confundindo as marcas
que deixas para orientarte
e a noite pasada percorriches en balde
todos os bares desta cidade,
porque non hai ninguén contigo
no teu labirinto, Señor López,
moitas veces os amantes
non chegan a toparse nunca.

Cumprías dezaeito aquela noite, non?
vestida case completamente de negro,
e da muller-muller que aínda non eras,
quixen mirarte como se non importase
como se puidese deixar de facelo
en calquera momento.

Na Rúa Esmirna ofrecen os corpos
travestís tracios,
ninfas de Moscova,
bacantes de Tiro,
mulatas dominicanas.

E penso en calquera cousa
por non pensar en ti,
como se fose posible,
como se houbese,
unha vida sen ti despois de ti,
e dime entón que se lle pode facer,
que remedio para este nó
que se aperta a cada paso,

que país habitable máis alá
do lugar onde acaba o teu nome.

E que non fose capaz de dicirche,
que non fose capaz de vencer o medo,
e mirar agora este corpo
que aínda non naceu,
que non delata máis que os anos
pasados matando a espera
con xantares excesivos,
porque a covardía tamén deixou
as súas marcas no corpo
no sono que non chega,
e no mal alento de todas as palabras
sen dicir podrecendo no cuspe.

– Como te chamas?

– Jéssica.

– De onde es?

– De Tebas.

Hotel Parthenos
cincuenta denarios a noite.

E despois de media hora
son dous corpos que se retiran
en silencio e sen mirar atrás
coma os cómplices dun asasinato.

A Casa das Paredes Brandas

Na area do patio debuxan os tolos
mapas minuciosos de cidades descoñecidas
rosman palabras nalgunha lingua estraña
e miran cara atrás desconfiados.

–Pero eu estiven alí o último día
cando fusilaron o mencer ao mencer,
(non quixo a venda, por certo,
aceptou as balas cos ollos abertos)
e despois de soterralalo ben, borraron
o seu nome dos mapas e dos libros,
destruíron as pontes e asolagaron os túneles,
que levaban ao Outro Lado,
sementaron sal naquela terra
e prohibiron coa morte a mención do seu nome.

Moloch

Dispoñemos de grandes medios
para manterte perpendicular á base
permitindo só pequenas oscilacións
laterais completamente inocuas
para a estabilidade xeral do sistema,
pesadas prensas que irán achanzando
malformacións non desexadas
e afiadas coitelas para mutilar
excesivas desviacións da media.

Os Pais

Todo o que fixemos por ti,
a túa educación na Escola
Superior de Autómatas,
os avós, tan caros, os veráns en Déjà-Vu,
a difícil reescritura das nefandas liñas
das túas mans, a casa no número catro
do sector corenta da rúa vinte e nove
o teu traballo no Departamento
de Administración de Danos.
Todo o que fixemos por ti,
deberías estarnos agradecido.

E o Espelliño Máxico foi torturado
até que confesou que este é o mellor
dos sistemas posibles en horario
de máxima audiencia,
mentres as enquisas de opinión
amosaban que o pobo era favorable
á intervención en Nevermore,
e á deposición de Peter Pan,
o seu cruel ditador,
por ter violado a Lei de Gravidade
e a de Maioría de Idade.

Vello Amigo

Eu vin nacer a luz antes do comezo,
cando o espazo e o tempo eran aínda dous
[rapaces
a gatear curiosos polos corredores da nada,
eu bebín das augas do Leteo mentres o barqueiro
cobraba as súas dúas moedas de ouro
nas cuncas dos meus ollos de morto,
e as mesmas que advertiron a Macbeth en balde
dixeron de min que sería o último
da estirpe dos homes sen medo a non volver.
Vello amigo,
Ítaca é o inferno; o fogar, a cadea,
e todo o que nos aprenderon a temer
de nenos, non é máis que unha maldición
vestida co engado dunha voz familiar.

Aprendizaxe

Agora aprenderás o nome dos seus deuses,
Señor López, e chamaraslle amor
á descoñecida que che toque, e vida
a esta sucesión de días concéntricos,
chamaraslle mellor amigo ao estraño
que senta a súa soidade á túa beira,
e fala de calquera cousa como se puidera
calar a desesperación na punta da lingua,
agora aprenderás o nome dos seus deuses,
Señor López, e chamaraslle fogar
a este deserto de neve entre a túa pel e a deles.

Os días que non viviches

escribirán o teu epitafio, Señor López,
medirán a distancia entre os feitos e os soños
como quen mide o ancho da ferida
e proclama o total co canto
dun neno na lotaría do nadal.
-Cento cincuenta mil derrotas.

Os días que non viviches
teñen o rostro da descoñecida
que deixaches pasar unha vez,
os seus ollos, o mesmo sorriso
e unha mancha de palabras sen dicir
como quen garda area un día de vento.

Os días que non viviches
son o peso exacto da túa alma
Señor López,
e no outro prato da balanza
a máis leve pluma decidirá
canto sobra e canto falta.

A Morte dun Burócrata

O solpor estrícase sobre o mar
como unha amante despois do amor
mentres os turistas en parellas
se esforzan en conmoveuse.
Pensei que aprendera a esquecerse
como aprendín a non crer nos milagres
ou a saber que aínda que o pareza
a muller do cadro non me está mirando.
De que me serviron se non
todos estes anos de luns
que van dar ao domingo
que es el morir, e longas noites
sen sono e sen desexo, se unha tarde
descobres unha vella carta e te preguntas
que tería pasado aínda que saibas
de sobra a resposta. Entón,
decides vir á beira do mar
e es capaz de vencer o medo
mentres pensas nos amores
que non comezaron,
e no entanto doen.

Ves como non era tan difícil?

só hai que esforzarse un pouco
en deixarse levar, e xa verás
qué ben te apañas neste novo
Único Mundo Posible,
porque o show debe continuar,
compañeiros, e hai un papel
reservado para ti con dúas frases
e un mutis elegante.

Wen-Tsun

Wen-Tzu

No Senado

O vello tribuno Wen-Tzu
non sabe lucir o peplum,
pero as súas lentas palabras
aínda provocan silencio:

–O mar non é o inimigo,
a nosa vella Illa acumula
máis cousas das precisas
e convenientes para o peso
que poden soportar os piares.
Deberíamos volver
á nosa vida sinxela de antes,
na que cadaquén dispuña do preciso
e ninguén se afanaba no lucro.

(silencio, leves apupos)

Resposta o patricio Johnson
co sorriso detrás dos lentes:
–Son sabias as palabras
do honorable tribuno Wen-Tzu,
pero el naceu no tempo
da primeira dinastía Chou,

e talvez estea algo desfasado
na nosa era cibernética;
de seguir os seus consellos os nosos pais
aínda estaríamos nas cavernas.

(risos e aplausos no lado da dereita)

A Crónica de Wen-Tzu

I

Eu nacín na illa dos primeiros atlantes,
dos que vivían a carón do chan,
e coñecían dos seus ollos a verdade,
moito antes da invención das chaves.
Daquela, aínda non había leis escritas,
os homes sabían ser pai, labrador, soldado,
e resolvían os preitos os máis sabios do lugar.
Aqueles homes fortes e rexos
marcharan do Vello Mundo
para fundar un novo sen os vellos vicios,
e honraban a xenerosidade de Neptuno
co sacrificio de cen bois o día do solsticio.

II

Despois, os tempos foron mudando,
inventáronse as chaves, a escritura,
e foron esquecendo o tributo, –Neptuno,
pensaron, está morto ou non pode vencernos.
Levantaron muros máis altos có vento
e dispuxeron gardas nas portas e nas torres,
(talvez venceran o inimigo, pero non o medo)

tras longas deliberacións pactaron
as táboas da lei cun deus estranxeiro,
dividiron a xente en castas,
concedéronlles o dereito á compra
e xa non puideron predicar os sabios
a honra da pobreza.

Despois dunha longa seca
declaráronlle a guerra ao día
e un soldado exhausto
proclamou a sorte no Foro:

–Nenikekamen!

–Nenikekamen!

A celebración durou tres noites,
e as cabezas dos trescentos
que gardaban as últimas portas
advertían en trescentas estacas
do camiño cara a cova
na que o sol foi recluso.

III

Os desertores daquela guerra
fundaron Erehwon ao Outro Lado,
aboliron os valados e as bandeiras,

estableceron unha severa medida
para o pouco e o demasiado,
fixeron as paces co mar
con mil amantes facendo o amor
antes de subir a marea,
e repatriaron os rebeldes,
regresaron Sittin ´ Bull, Peter Pan e Paul Lafargue,
e un mencer que sobrevivira á gran matanza,
e os bárbaros de Kavafis ouveando polos bares.

IV

Non tardou en saberse da súa existencia,
non tardaron en proclamar o seu perigo,
non tardou en comezar a última gran guerra,
e os sete mil xinetes de Sittin´Bull
cargaron por última vez
sobre a delicada epiderme
das infinitas autoestradas
que se fundiron e se abrían
en feridas de sangue negro
por onde brotaron as primeiras herbas
en tanto tempo. Pero a batalla acabou
na súa derrota e a fin da historia.
Din que aquela carga durou mil anos
din que aínda se escoitan
os cascos dun cabalo nos semáforos do centro.

O Canto de Sittin 'Bull

Tan pouco ferro non chegará
pra fender o meu peito espido,
afiade ben os coitelos, Fillos da Noite,
que a miña carne non perde o xenio
nin ás portas do inferno.
Eu son Sittin 'Bull, así aprendeu
a chamarme o voso medo,
eu son Sittin 'Bull, en armas
contra os vosos muros ao noso vento,
e detrás de min, a miña raza,
que loita coa forza dos elementos,
a forza do sangue aínda quente do cervo
nunha cruz sobre a fronte dos nosos nenos,
e da herba que nos viste de verde,
e da dor que nos chama polo nome.
Dicide, Fillos da Noite,
desde que búnker no sochao
premerá un botón a vosa covardía
por non coñecer a cor dos meus ollos?

Ultima noie de Atlanta

Última noite da Atlântida

Non teñas medo, Lucrecio,
nin dor dos inocentes,
a vida non nos pertence,
e só podemos cumprir co destino
até o noso último alento.

Onte foi o tempo das razóns
e as disputas teóricas,
hoxe chegou a hora da loita.

Monólogo de Lucrecio

-Lembrar o que un día non soubemos,
pero custa tanto non saber,
non contar os pasos e dicir
qué tempiño temos.

Da nosa crítica ás cordas
farán outras que nos aten mellor,
talvez deberíamos calar
ante o estímulo resposta
e que nos consideren idiotas.

E tamén os bárbaros foron asimilados
ou recludos no exotismo,
os mesmos que deberían matarnos
soñan os nosos soños
e piden permiso para entrar,
o bárbaro que levabamos dentro
o que se deixaba tentar polos abismos
e caía dentro, xa non existe.

A uns compráronnos cun espello
aos máis fortes con auga de lume,
tardaron só unha vida en assimilar
o concepto de propiedade.

E así volvemos para a casa,
sen escudo e sen derrota,
como se houbera algo do que falar,
algo que celebrar nas tabernas
despois de catro copas
e unha canción nostálxica.

Synposium

Na casa do Príncipe
as festas poden durar semanas;
hai viño de Rodas mesturado
con mel das Antas, homes e mulleres
dispostos para o pracer,
néctar, caviar, champagne,
e coca sen cortar.

O poeta favorito do Príncipe
trae un rastro de lama nos pés,
a roupa sucia, a mirada dura,
– Aquí chegou o noso home, anuncia,
parece que vés dalgunha batalla,
Lucrecio. – Veño dos diques.
Muda a expresión do Príncipe.
– E como están as cousas por alí?
Contesta Lucrecio co silencio.
Pois se as cousas estaban tan mal,
por que non quedaches alí con eles,
carrexando sacos e reparando os diques?
Pero veña, vello amigo,
deixa esas teimas para outro día,
enche a túa copa e dános
os teus versos de namorar deusas,
porque a vida é curta, Lucrecio,
os praceres longos,
e mañá será outra noite.

DELEND A EST
(arenga de Lucrecio no ventre do cabalo)

Nós, os lexítimos herdeiros dos últimos vencidos,
aínda sabemos lembrar o que un día soubemos:
a verdade detrás das súas palabras,
a herba húmida nas mans,
o soño destruído en Erehwon,
o home antes da súa carreira de sacos cara

[ao baleiro,

nós, os lexítimos herdeiros,
veremos caer os muros de McDonald's,
compañeiros, veremos un fungo devorar
o seu chaleco antibalas, e a lenta ferruxe
chantar os dentes no corazón de ferro de

[occidente.

Nós veremos o caer os muros de McDonald's,
compañeiros, abrirémoslle as portas ao mar
para que nos invada en silencio, e trazaremos
unha perpendicular para o iceberg
na súa cega procura do Titanic que nos leva.
E esta vez non podemos perder:
seremos o cancro na pel do cancro.

E cando os cans calan e a lúa se garda

os homes de Lucrecio acoden ás portas
entreteñen os gardas, e axúdanlle ao mar
a entrar sen alarmas.

Moi pronto chegaron as augas á porta
das casas máis altas e aí foi cando comezou
o pánico: foi convocado de urxencia
o consello de sabios, e chegaron á conclusión
de que non había nada previsto.

Dispuxeron grandes bombas no Foro,
mobilizaron a garda nacional e os ilotas,
tamén falaron cos últimos dos vencidos e

[respondéronlles

que xa se verían no inferno.

– O día, claro está, o día,

había que liberar o sol, a luz, a claridade.

Talvez fose un erro, talvez

se pasaran con eles. Acudiron alí

coas chaves na man, pero o sol,

na soidade da súa prisión,

esquecera a fala ou a voz.

Entón

os máis avisados comezaron a pensar nos barcos,

debe quedar algún lugar aínda sobre o mar.

No asolagado salón do reino o Príncipe

non quere concluír a festa; que pasa?

onde están os músicos?

quen apagou as luces?

Marcharon todos, Meu Señor,

e o fiel criado apunta cara ao balcón.

Contempla estarecido o Príncipe

a cidade somerxida, os farois

aínda acesos trazando un camiño

baixo as augas, e un incendio ao fondo.

– Atlantis, Atlantis,

orgullosa cidade das tebras!

señora do mar e da terra!

dubida un pouco, alza a copa:

brindo pola túa derrota!

Ship of Fools

Canto tempo hai que esperamos?
desde o día que partimos cara ao leste,
porque hai un lugar, ten que habelo,
cantos anos pasaron? Ninguén o sabe.
E agora, mentres o mar se para
neste lugar sen vento e sen corrente,
preguntámonos cantas veces viviron outros
momentos así neste mesmo barco, e morreron
pouco despois da súa esperanza
sen ter ouvido nunca, terra á vista!
aínda que non fose a prometida.

Alborada

Agora os vencidos son os herois,
desfilan polo arco do triunfo,
asinan autógrafos,
sácanlles fotos.

Piden perdón a Sittin ' Bull
agora que non pode erguerse,
len os seus libros,
celebran as súas derrotas,
pensan qué tería pasado,
pensan que ao mellor.

Índice

Prólogo [5]

NA CIDADE

Tratarei de non ser claro [15]

En territorio inimigo [17]

Atlantic City [19]

As mortes pequenas [21]

A Casa das Paredes Brandas [23]

Moloch [25]

Os Pais [27]

E o Espelliño Máxico foi torturado [29]

Vello Amigo [31]

Aprendizaxe [33]

Os días que non viviches [35]

A Morte dun Burócrata [37]

Ves como non era tan difícil? [39]

WEN-TZU

No Senado [43]

A Crónica de Wen-Tzu [45]

O canto de Sittin'Bull [49]

ÚLTIMA NOITE DA ATLÁNTIDA

Non teñas medo, Lucrecio [53]

Monólogo de Lucrecio [55]

Synposium [57]

DELEND EST [59]

E cando os cans calan e a lúa se garda [61]

No asolagado salón do reino o Príncipe [63]

Ship of Fools [65]

Alborada [67]

Tiráronse 100 copias de
Plan de fuga, de Alberto Lema,
primeiro número da serie de poesía
de Estaleiro editora, compostos
en Minion Pro 10/13,
en xaneiro de
2008





*Alberto Lema milita na impureza, no
centro dun lugar que non é España.
Un lugar onde unha perna tapa a outra.
E para vir a xunta min. E que me dixo
teu pai. A orquestra toca ao fondo
música popular e, sen desconcentrarse,
Lema escribe como un poeta clásico.
Porque tivo o bo gusto de elixir a
vanguardia para a vida. Miguel Mosquera
resumiuno nunha imaxe afiada: 'épica da
experiencia'. Estou de acordo.*

(María do Cebreiro)

Alberto Lema naceu en Bamiro,
Vimianzo, en 1975. Licenciado en
Filoloxía Inglesa, o título abríulle
moitas portas no mercado laboral.
Traballou de mozo de almacén,
fregapratos, camareiro ou chófer de
camión. No 2003, na era post-prestige
e plan Galicia que estás en los cielos,
emigrou a Canarias cumprindo co destino
familiar e nacional. Comprobou como
Europa tenta en balde varrer África para
debaixo da alfombra, e que a morriña
é algo máis que un delirio dos poetas
telúricos. Desde 2005, nesta Galiza post-
industrial, sen fase industrial precedente,
segue a gañar o aluguer como pode.